

UNIDADE 6

O teatro, espectáculo da imitación

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. TERCEIRA DECLINACIÓN: TEMAS EN SOANTE E SIBILANTE
2. O AORISTO
3. O AUMENTO
4. INTRODUCCIÓN AO TEATRO
5. ETAPAS DA CIVILIZACIÓN GREGA V
6. LÉXICO

Τὸ μιμεῖσθαι σύμφυτον τοῖς ἀνθρώποις ἐκ παίδων ἐστίν.

A imitación é connatural ao ser humano desde a infancia

Aristóteles, *Poética*



Teatro de Epidauro

Nesta unidade verás a orixe e desenvolvemento do teatro, unha das maiores contribucións dos gregos á cultura europea. O teatro foi durante séculos o espectáculo máis estimado e a escola do pobo.

Tamén verás o máis importante da época helenística ou alexandrina, que propagou a cultura e a civilización grega desde Exipto ata a India.

1. Terceira declinación: temas en soante e sibilante

1.1. Temas en nasal

Estas palabras adoitan presentar no nominativo singular do xénero masculino e feminino a última vogal do tema alongada (ε > η; ο > ω): λιμήν, λιμέν-ος, δαίμων, δαίμον-ος. Os acabados en -ιν- levan -ς no nom. sg., e ο ν pérdese ante o -ς.

Segundo este tipo declínase un grupo frecuente de adxectivos de 2 terminacións: εὐδαίμων, εὐδαιμον.

Paradigmas

Tema	λιμεν-	ἀηδον-	ῥιν-
SINGULAR			
Nom.	λιμήν	ἀηδών	ῥίς
Voc.	λιμήν	ἀηδόν	ῥίς
Acus.	λιμέν-α	ἀηδόν-α	ῥῖν-α
Xen.	λιμέν-ος	ἀηδόν-ος	ῥιν-ός
Dat.	λιμέν-ι	ἀηδόν-ι	ῥιν-ί
PLURAL			
Nom.	λιμέν-ες	ἀηδόν-ες	ῥῖν-ες
Voc.	λιμέν-ες	ἀηδόν-ες	ῥῖν-ες
Acus.	λιμέν-ας	ἀηδόν-ας	ῥῖν-ας
Xen.	λιμέν-ων	ἀηδόν-ων	ῥιν-ῶν
Dat.	λιμέ-σι(ν)	ἀηδό-σι(ν)	ῥι-σί(ν)

OBSERVA que no *dativo plural* a nasal desaparece ante -σ: λιμέ(ν)σι, ἀηδό(ν)σι. Segundo o modelo ῥίς, ῥιν-ός declínanse os *indefinidos* τις, τι (Xen. τιν-ός) ‘algún’ e οὐδείς, οὐδεμία, οὐδέν (Xen. οὐδεν-ός) “ningún”, formado sobre o *numeral* εἷς, μία, ἓν.

1.2. Temas en líquida

Estes substantivos presentan un nominativo singular con alongamento da última vogal do tema: ῥήτωρ, πατήρ, ἀνήρ.

En canto ao tipo πατήρ, ten alternancia: **tema pleno** (πατερ-) en acus., **tema reducido** (πατρ-) en Xen. e Dat. (alternancia η / ε / "cero").

En xenitivo plural estendeuse o tema pleno: πατέρ-ων.

En ἀνήρ o tema reducido, con -δ- *epentética* (ἀν[δ]ρ-), estendeuse a toda a declinación fóra do nominativo singular.

No dativo de plural o tema reducido (πατρ-, ανδρ-) xerou unha vogal de apoio para facilitar a pronunciación: πατρά-σι(ν), ἀνδρά-σι(ν).

Paradigmas:

Tema	ρήτορ-	πατερ- / πατρ-	ἀνερ- / ἀν(δ)ρ-
SINGULAR			
Nom.	ρήτωρ	πατήρ	ἀνὴρ
Voc.	ρήτορ	πάτερ	ἄνερ
Ac.	ρήτορ-α	πατέρ-α	ἄνδρα
Xen.	ρήτορ-ος	πατρ-ός	ἀνδρ-ός
Dat.	ρήτορ-ι	πατρ-ί	ἀνδρ-ί
PLURAL			
Nom.	ρήτορ-ες	πατέρ-ες	ἄνδρ-ες
Voc.	ρήτορ-ες	πατέρ-ες	ἄνδρ-ες
Ac.	ρήτορ-ας	πατέρ-ας	ἄνδρ-ας
Xen.	ρήτορ-ων	πατέρ-ων	ἀνδρ-ων
Dat.	ρήτορ-σι(ν)	πατρά-σι(ν)	ἀνδρά-σι(ν)

Seguen esta flexión ἡ γαστήρ 'ventre', ἡ μήτηρ 'nai', ἡ θυγάτηρ 'filla', (como πατήρ), ὁ αἴρ 'aire', ὁ αἰθήρ 'éter', ἡ ἀστήρ 'estrela', con todos os demais casos formados sobre o tema con -ε- (ἄερ-, αἰθερ-, que só se usan en singular, e ἀστερ-, que ten o dativo de plural ἀστράσι).

Hai un grupo de substantivos en -τηρ que conservan o -η- en toda a flexión, por exemplo, ὁ σωτήρ, σωτήρ-ος, σωτήρ-α (acusativo), etc.

Realiza a πράξις 1

1.3. Temas en -σ

Os substantivos e os adxectivos que seguen este modelo perden o -σ final do tema cando queda en posición intervocálica. As dúas vogais que quedan en contacto pola caída do -σ contráense: γεινεσ-+ος > γένεσος > γένεος > γένους.

Segundo a vogal que preceda ao -σ do tema, distínguense tres tipos:

- Tipo -ος / -εσ-, como γένος / γένεσ-. Son todos substantivos neutros.
- Tipo en -ης, como τριήρεσ-. Forman *substantivos* masculinos e femininos e *adxectivos* de dúas terminacións, tipo ἀληθής, ἀληθές.
- Tipo en -ας, como κρέας-. Forman este grupo uns poucos substantivos neutros.

Hai ademais un tipo especial de palabras, pouco numerosas, con alternancia na cantidade da vogal o (longa no Nominativo e breve nos demais casos).

Paradigmas:

Tipo en -ος /-ες-		Tipo en -ης /-ες-
Singular		
Nom.	γένος	τριήρης
Voc.	γενος	τριήρες
Acus.	γένος	τριήρη < τριήρες-α
Xen.	γένους < γένεσ-ος	τριήρους < τριήρες-ος
Dat.	γένει < γένεσ-ι	τριήρει < τριήρες-ι
Plural		
Nom.	γένη < γένεσ-α	τριήρεις < τριήρες-ες
Voc.	γένη < γένεσ-α	τριήρεις < τριήρες-ες
Acus.	γένη < γένεσ-α	τριήρεις < τριήρες-ες ¹
Xen.	γενῶν < γενέσ-ων	τριηρῶν < τριηρές-ων
Dat.	γένεσι < γένεσ-σι(ν)	τριήρεσι < τριήρες-σι(ν)

Ao segundo tipo pertencen un gran número de nomes propios de persoa, como Διογένης, que se declina como τριήρης. Como son nomes propios, non teñen plural.

Tamén pertencen a el adxectivos en -ης, -ες. (εὐγενής, εὐγενές)

Paradigma:

Singular		
Masculino e Feminino		Neutro
Nom.	εὐγενής	εὐγενές
Vocat.	εὐγενές	εὐγενές
Acus.	εὐγενῇ < εὐγενέσ-α	εὐγενές
Xen.	εὐγενοῦς < εὐγενέσ-ος	εὐγενοῦς < εὐγενέσ-ος
Dat.	εὐγενεῖ < εὐγενέσ-ι	εὐγενεῖ < εὐγενέσ-ι
Plural		
Nom.	εὐγενεῖς < εὐγενέσ-ες	εὐγενῇ < εὐγενέσ-α
Vocat.	εὐγενεῖς < εὐγενέσ-ες	εὐγενῇ < εὐγενέσ-α
Acus.	εὐγενεῖς < εὐγενέσ-ες	εὐγενῇ < εὐγενέσ-α
Xen.	εὐγενῶν < εὐγενέσ-ων	εὐγενῶν < εὐγενέσ-ων
Dat.	εὐγενέσι(ν) < εὐγενέσ-σι(ν)	εὐγενέσι(ν) < εὐγενέσ-σι(ν)

¹ Observa que nestes temas, coma noutros que veremos, o acus. plur = nominat. plural.

Tipos en -ας e en -ως/-οσ-

Os temas en -ας son neutros, os en -ως/-οσ- son femininos e normalmente designan nomes abstractos e non teñen plural.

Paradigmas:

Τipo en -ας κρέας 'carne'		Τipo en -ως/-οσ- αἰδώς 'respecto'	
Singular			
Nom.	κρέας	αἰδώς	
Vocat.	κρέας	αἰδώς	
Acus.	κρέας	αἰδῶ < αἰδόσ-α	
Xen.	κρέως	αἰδοῦς < αἰδόσ-ος	
Dat.	κρέα < κρέασ-ι	αἰδοῖ < αἰδόσ-ι	
Plural			
Nom.	κρέα < κρέασ-α	Non ten	
Vocat.	κρέα < κρέασ-α		
Acus.	κρέα < κρέασ-α		
Xen.	κρεῶν < κρεάσ-ων		
Dat.	κρέασι < κρέασ-σι		

τὸ κέρασ, κέρως 'corno' tamén pode seguir a declinación de σῶμα: sg. X. κέρατος, D. κέρατι; pl. N.V.A. κέρατα, X. κεράτων, D. κέρασι.

Vocabulario		
Substantivos	Adxectivos	Verbos
τὸ ἄνθος, -ους 'flor'	τὸ τέλος, -ους 'fin'	εὐρίσκ-ω 'atopar'
τὸ ἔτος, -ους 'ano'	τὸ γέρας, -ως 'regalo'	λάμπ-ω 'brillar'
τὸ ἔπος, -ους 'palabra, verso'	τὸ γῆρας, -ως 'vellez'	Palabras invar.
τὸ κάλλος, -ους 'beleza'	τὸ τέρας, τέρατ-ος 'portento'	ἄνευ + Xen. = 'sen'
τὸ κέρδος, -ους 'beneficio'	εὐσεβής, -ές 'piadoso'	ἐκ, ἐξ + Xen. = 'desde'
τὸ κλέος, -ους 'gloria, fama'	πλήρης, -ες 'cheo'	σύν + Dat. = 'con'
τὸ ὄρος, -ους 'monte'	σαφής, -ές 'claro'	τε, enclítica, 'e', lat. -que

Realiza a πράξις 2

2. O aoristo

O aoristo de indicativo equivale ao noso pretérito. Nos demais modos, adoita traducirse polo presente. A oposición en grego entre o presente e o aoristo de subxuntivo non era temporal, senón aspectual: O presente indicaba *duración*; o aoristo, acción *puntual*.

Hai dous tipos de aoristo: **sigmático** e **radical**; o radical, pola súa banda, pode ser: temático ou aтемático.

2.1. Aoristo sigmático

A característica do tema de aoristo é **-σα-** que se engade ao tema de presente. No Indicativo, ademais, leva **aumento**. No subxuntivo, a característica é só **-σ-**. Por exemplo, o aoristo de indicativo de λύ-ω é ἔ-λυ-σα, de γράφ-ω, ἔ-γραψα (< ἔ-γραφ-σα); de ἄγ-ω, ἤξα (< ἤγ-σα).

Pero os verbos con tema rematado en nasal (μ, ν) ou líquida (λ, ρ) perden o **-σ-** e alongan por compensación a vogal que precede á líquida ou á nasal. Por exemplo, do verbo νέμω 'distribuír, gobernar', temos un aoristo ἔ-νειμα (< *ἔ-νεμ-σα, con caída do **-σ-** tras nasal e alongamento compensatorio da vogal anterior).

O tema de presente pode rematar en -λλ-, -ιν-, -ιρ. Así, de ἀγγέλλ-ω 'anunciar', aoristo ἤγγειλα (< *ἤγγελ-σα, con caída do **-σ-** tras líquida e alongamento da vogal anterior). De φθείρω 'destruír', ἔ-φθειρα (< *ἔ-φθερ-σα, con caída do **-σ-** tras líquida e paso de ε > ει).

PARADIGMAS				
TEMA DE AORISTO				
Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Optativo	Infinitivo
S.1^a ἔλυσα	λύσω		λύσαιμι	λύσαι
2^a ἔλυσας	λύσης	λύσον	λύσειας	
3^a ἔλυσε	λύση	λύσατε	λύσειε	
P.1^a ἐλύσαμεν	λύσωμεν		λύσαιμεν	
2^a ἐλύσατε	λύσητε	λυσάτω	λύσαιτε	
3^a ἔλυσαν	λύσωσι	λυσάντων	λύσειαν	

Aoristo dos temas en labial, dental e velar

Cando o radical dun verbo remata en oclusiva labial, dental ou velar, ante o **-σ-** do aoristo prodúcense os mesmos cambios fonéticos que xa vimos nos temas en oclusiva da terceira declinación ante o **-ς** do nominativo singular e do dativo plural:

Verbos en oclusiva		Presente	/ Aoristo
Labial	$\beta, \pi, \phi, \pi\tau + \sigma \rightarrow \psi$	γράφ-ω 'escribir' β λάπτ-ω 'danar'	ἔ-γραφῶ ἔ-βλαψῶ
Dental	$\delta, \tau, \theta, \zeta + \sigma \rightarrow \sigma$	πείθ-ω 'persuadir' νομίζ-ω 'crer'	ἔ-πεισῶ ἐ-νόμισῶ
Velar	$\gamma, \kappa, \chi, \tau\tau + \sigma \rightarrow \xi$	πλέκ-ω 'trenzar' ταράττ-ω 'turbar'	ἔ-πλεξῶ ἐ-τάραξῶ

RESUMO DOS CAMBIOS FONÉTICOS	
Verbos en oclusiva	<p>A unión da consoante final do tema co sigma orixina <u>cambios fonéticos</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> Labial + $\sigma\alpha = \psi\alpha$ Gutural + $\sigma\alpha = \xi\alpha$ Dental + $\sigma\alpha = \sigma\alpha$
Verbos en líquida e en nasal	<p>Nestes verbos, a líquida ou a nasal en contacto co sigma provoca os seguintes cambios fonéticos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Líquida ou nasal <u>asimilan</u> o sigma, evolucionando a xeminada: De νέμω: *ἔ-νεμ-σα > *ἔ-νεμ-μα Prodúcese a <u>simplificación de xeminada</u>: *ἔ-νεμ-μα > *ἔ-νεμα Prodúcese o <u>alongamento compensatorio</u> da vogal anterior: *ἔ-νεμα > ἔνειμα <p>O resultado é un aoristo sigmático onde o sigma quedou oculto polos cambios mencionados: ἔνειμα</p>

Aoristo dos verbos contractos

A formación do aoristo dos verbos contractos é paralela á dos futuros. Lembremos que nos verbos contractos **só** hai contraccións no tema de presente.

- Os verbos en -άω alongan o α en η ante o -σ- do aoristo, salvo se vai precedida de ρ, ε, ι: τιμά-ω → ἐ-τίμη-σα ; pero ἀντιά-ω → ἠντία-σα, δρά-ω → ἔ-δρα-σα.
- Os verbos en -έω alongan o ε do tema en η no aoristo: φιλέ-ω → ἐ-φίλη-σα.
- Os verbos en -όω alongan o ο do tema en ω no aoristo: δηλό-ω → ἐ-δήλω-σα

3. O aumento

O aumento é un prefixo verbal que indica tempo **pasado** no modo **Indicativo**. Por iso, só levan aumento o Imperfecto, o Aoristo e o Pluscuamperfecto de Indicativo.

Segundo o verbo comece por consoante ou vogal, chámase *silábico* ou *temporal*.

3. 1. Aumento silábico

É propio dos verbos que comezan por consoante e consiste en antepoñer un ϵ - á consoante inicial do verbo: $\delta\iota\omega\kappa\text{-}\omega$ 'perseguir' \rightarrow $\epsilon\text{-}\delta\iota\omega\kappa\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\lambda\acute{\epsilon}\gamma\text{-}\omega$ 'dicir' \rightarrow $\epsilon\text{-}\lambda\epsilon\gamma\text{-}\omega\text{-}\nu$.

3. 2. Aumento temporal

É propio dos verbos que comezan por vogal e consiste en alongar a vogal inicial da seguinte forma: $\alpha, \epsilon > \eta$, $\omicron > \omega$: $\acute{\alpha}\gamma\text{-}\omega$ \rightarrow $\eta\gamma\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\epsilon\theta\acute{\epsilon}\lambda\text{-}\omega$ \rightarrow $\eta\theta\epsilon\lambda\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\acute{\omicron}\rho\acute{\iota}\zeta\text{-}\omega$ \rightarrow $\acute{\omicron}\rho\acute{\iota}\zeta\text{-}\omega\text{-}\nu$.

NOTA: Se a vogal inicial vai seguida de $-\iota$, esta subscríbese á vogal longa do aumento: $\acute{\alpha}\lambda\iota\pi\text{-}\omega$ \rightarrow $\eta\lambda\iota\pi\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\epsilon\iota\kappa\acute{\alpha}\zeta\text{-}\omega$ \rightarrow $\eta\kappa\alpha\zeta\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\omicron\iota\kappa\acute{\iota}\zeta\text{-}\omega$ \rightarrow $\acute{\omicron}\kappa\iota\zeta\text{-}\omega\text{-}\nu$.

Verbos con prefixo:

a) O aumento colócase entre o prefixo e a raíz verbal:

$\epsilon\iota\sigma\text{-}\beta\alpha\acute{\iota}\nu\text{-}\omega$ \rightarrow $\epsilon\iota\sigma\text{-}\epsilon\text{-}\beta\alpha\iota\nu\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\pi\rho\omicron\sigma\text{-}\beta\acute{\alpha}\lambda\lambda\text{-}\omega$ \rightarrow $\pi\rho\omicron\sigma\text{-}\epsilon\text{-}\beta\alpha\lambda\lambda\text{-}\omega\text{-}\nu$.

b) A vogal final dos prefixos desaparece ante o aumento (agás en $\acute{\alpha}\mu\phi\acute{\iota}$, $\pi\epsilon\rho\acute{\iota}$, $\pi\rho\acute{o}$; esta última pode contraerse co ϵ do aumento en $\pi\rho\acute{o}\upsilon$ -: $\pi\rho\omicron\text{-}\beta\alpha\acute{\iota}\nu\text{-}\omega$ \rightarrow $\pi\rho\acute{o}\upsilon\beta\alpha\iota\nu\text{-}\omega\text{-}\nu$):

$\acute{\alpha}\pi\omicron\text{-}\beta\alpha\acute{\iota}\nu\text{-}\omega$ \rightarrow $\acute{\alpha}\pi\text{-}\epsilon\text{-}\beta\alpha\iota\nu\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\mu\epsilon\tau\alpha\text{-}\pi\acute{\epsilon}\mu\pi\text{-}\omega$ \rightarrow $\mu\epsilon\tau\text{-}\epsilon\text{-}\pi\epsilon\mu\pi\text{-}\omega\text{-}\nu$.

$\pi\epsilon\rho\iota\text{-}\beta\acute{\alpha}\lambda\lambda\text{-}\omega$ \rightarrow $\pi\epsilon\rho\iota\text{-}\epsilon\text{-}\beta\alpha\lambda\lambda\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\acute{\alpha}\mu\phi\iota\text{-}\lambda\acute{\epsilon}\gamma\text{-}\omega$ \rightarrow $\acute{\alpha}\mu\phi\iota\text{-}\epsilon\text{-}\lambda\epsilon\gamma\text{-}\omega\text{-}\nu$.

c) O aumento restablece a forma orixinal dalgúns prefixos, *alterados* no presente:

$\sigma\upsilon\mu\text{-}\phi\acute{\epsilon}\rho\omega$ \rightarrow $\sigma\upsilon\nu\text{-}\epsilon\text{-}\phi\epsilon\rho\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\sigma\upsilon\lambda\text{-}\lambda\acute{\epsilon}\gamma\omega$ \rightarrow $\sigma\upsilon\nu\text{-}\epsilon\text{-}\lambda\epsilon\gamma\omega\text{-}\nu$, $\epsilon\gamma\text{-}\gamma\rho\acute{\alpha}\phi\omega$ \rightarrow $\epsilon\nu\text{-}\epsilon\text{-}\gamma\rho\alpha\phi\text{-}\omega\text{-}\nu$.

3.3. Aumentos irregulares

Algúns verbos que comezan por ϵ - fan o aumento en $\epsilon\iota$ - no canto de en η -. Isto débese a que orixinariamente eses verbos comezaban por unha consoante que, ao quedar en posición intervocálica, perdeuse, dando lugar á posterior contracción das vogais en contacto: $\epsilon\chi\text{-}\omega$ ($< \sigma\acute{\epsilon}\chi\text{-}\omega$) \rightarrow $\epsilon\acute{\iota}\chi\text{-}\omega\text{-}\nu$ ($< \epsilon\text{-}\sigma\epsilon\chi\text{-}\omega\text{-}\nu$), con caída do sigma intervocálico e contracción de $\epsilon\epsilon > \epsilon\iota$.

Nota: Algúns verbos que comezan por vogal, presentan aumento silábico + temporal: $\acute{\omicron}\rho\acute{\alpha}\text{-}\omega$ \rightarrow $\epsilon\text{-}\acute{\omicron}\rho\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\acute{\omega}\theta\acute{\epsilon}\text{-}\omega$ \rightarrow $\epsilon\text{-}\acute{\omega}\theta\text{-}\omega\text{-}\nu$, $\acute{\alpha}\nu\text{-}\acute{\omicron}\acute{\iota}\gamma\text{-}\omega$ \rightarrow $\acute{\alpha}\nu\text{-}\epsilon\text{-}\acute{\omega}\gamma\text{-}\omega\text{-}\nu$.

ESQUEMA

O aumento , propio dos tempos secundarios, só existe no modo indicativo	
Verbos que comezan por consoante	-Colocan un ε- diante da raíz: λύω = ἔλυνον τίθημι = ἐτίθην
Verbos que comezan por vogal	-Alongan a vogal inicial: ἀγορεύω = ἡγόρευον ἐγείρω = ἤγειρον οἰκέω = ᾤκουν
Verbos compostos	- O aumento colócase entre a preposición e o verbo simple (tendo presente que as preposicións que rematan en vogal perden esta ante o aumento agás ἀμφί, περί, πρό): βάλλω = ἔβαλλον διαβάλλω = διέβαλλον ἀμφιβάλλω = ἀμφιέβαλλον

4. Introducción ao teatro

4. 1. Definición e orixe

O teatro é, xunto co sistema democrático e a filosofía, unha das grandes achegas dos gregos á civilización occidental.

Segundo Aristóteles, a traxedia naceu do **ditirambo**, himno en honor de Dioniso que narra os principais episodios da vida do deus.

Co tempo amplíase o argumento con temas do repertorio heroico, prodúcese a súa escenificación e hai un enfrontamento entre un ou varios **actores** e o **coro**. Uns e outros, con máscaras e vestiduras solemnes, dialogan e cantan alternativamente.

Cronoloxicamente, é o terceiro dos xéneros literarios clásicos: épica, lírica, drama. En consecuencia, recibe influencias dos dous xéneros que o preceden:

a) Os argumentos da traxedia proceden do repertorio épico: sobre a escena represéntanse episodios dos mitos heroicos, rememorando os sufrimentos daqueles grandes heroes do pasado. Todas as obras dos grandes trágicos (coa excepción de *Os Persas* de Esquilo e *Bacantes* de Eurípides) están inspiradas nos *ciclos* mitolóxicos: Troia, Tebas, etc.

b) Da lírica toma a música e a danza dos coros.

No teatro grego converxen, xa que logo, o mito, a danza, o canto, a poesía e a música. Así, nas orixes do teatro non existen nin a figura do actor nin o texto, que son posteriores á do coro e á do entramado musical: melodía, danza, canto.

4.2. O teatro, creación ateniense

As condicións para o nacemento e a evolución do teatro prodúcense en Atenas entre os séculos VI e IV a.C. En Atenas tamén se produce, nesas mesmas datas, a orixe e a evolución da democracia, que propicia a libre expresión das ideas e a participación activa nos asuntos da cidade de tódolos cidadáns.

As funcións teatrais tiñan lugar en grandes espazos semicirculares que permiten a asistencia de numeroso público. Segundo Aristóteles, a representación trágica producía nos espectadores unha 'purificación' (κάθαρσις), coa correspondente influencia sobre a moral dos cidadáns.

O tirano ateniense Pisístrato favoreceu a creación das representacións en honor de Dioniso, un deus popular, potenciando así os cultos populares e fomentando espectáculos para todos os cidadáns, non só para unha elite. Isto sucedía polo ano 535 a.C.

Atribúese a **Tespis** a honra de converter antigas formas de representación de tipo carnavalesco nunha manifestación literaria. Así, el sería o autor da primeira traxedia, aínda que rudimentaria cun só **actor** e cun **coro**. Tamén foi o primeiro que utilizou a **máscara** na representación teatral. A partir do 535 a.C., temos constancia da representación de traxedias e dramas satíricos. Arredor do 485 a.C., hai tamén concursos de comedia

Prodúcese así unha división, a partir de orixes comúns, entre un xénero serio (**traxedia**), con argumentos tomados da mitoloxía, e un xénero festivo (**comedia**), que conserva máis

elementos da primitiva lírica popular e carnavalesca: coro que se disfraza con figuras de animais, sátira contra personaxes contemporáneos, referencias á festa, á parodia, etc.

Os temas da comedia son de actualidade: ridiculízanse personaxes populares, institucións, acontecementos sociais importantes, etc.

4.3. Participación da comunidade

O teatro e a festa popular están vinculados coa cidade, coa πόλις, unha sociedade na que o individuo participa activamente en tódalas manifestacións. A festa é o momento crucial e, dentro dela, o teatro ocupa un lugar preferente.

Traxedia e comedia están presentes en tódalas manifestacións festivas da cidade. Os concursos teatrais, sufragados en gran parte pola cidade, contemplan a representación dos dous xéneros teatrais.

Estas representacións teñen lugar no teatro de Dioniso, situado na ladeira sur da Acrópole.

A cidade designaba cada ano os autores, poñía á súa disposición actores e un coro, organizaba as festas dionisiacas e subvencionaba o teatro, pagando a entrada aos cidadáns máis pobres.

Os gastos da representación corrían a cargo de cidadáns ricos, que cumprían así as súas obrigas fiscais; eran os coregos (χορηγοί). Entre as funcións do corego estaban: a selección de cantores para o coro e a dos actores, o pagamento do vestiario, ensaios, etc.

Neste marco de celebración cidadá algúns elementos da representación teatral recordan a vinculación coa festa de Dioniso: o teatro desenvólvese nos días da festa anual e comeza cunha procesión e un sacrificio no altar do deus, que está no medio da orquestra do teatro de Dioniso, situado na ladeira sur da Acrópole. Aínda que, como vimos, os temas da traxedia pouco teñen que ver coa divindade protectora.

4.4. Época das representacións

As obras de teatro (traxedia e comedia) representábanse en Atenas como un acto relixioso, que era a culminación das grandes festas en honor de Dioniso.

As *Leneas* celebrábanse no mes Gamelión (xaneiro). Nesta festa tiñan lugar, sobre todo, representacións de comedia.

As festas máis importantes eran as *Dionisiacas Urbanas ou Grandes Dionisiacas*, que se celebraban en marzo. Tratábase basicamente de concursos tráxicos, pero tamén se representaban algunhas comedias e dramas satíricos.

Nas *Grandes Dionisiacas* o encargado do espectáculo era o arconte **epónimo** e nas *Leneas*, o arconte **basileus**: do primeiro dependían as traxedias e do segundo, as comedias.

No atavío dos actores tamén atopamos elementos dionisiacos, como o 'quitón' e o coturno. Curiosamente, o que non ten que ver con Dioniso é o tema: De todas as traxedias conservadas só as *Bacantes* de Eurípides ten un contido relacionado co deus.

4.5. Conclusión

A modo de síntese, citamos uns parágrafos de *Retratos*², que poden resultar clarificadores:

A traxedia foi a última das grandes creacións literarias de Grecia. O primeiro xermolo do drama é a combinación en diálogo da épica e da lírica.

As orixes da traxedia maniféstanse por primeira vez nas celebracións con que a cidade de Corinto festexaba a Dioniso. Nestas festividades adoitábase narrar as súas aventuras e fazañas lendarias. E, para que a representación tivese un sentido visual, engadíase tamén un **coro**, normalmente un grupo de homes disfrazados de sátiros, os alegres compañeiros de Dioniso. Estes sátiros, metade homes, metade chibos, acompañaban a recitación das aventuras, comentándoas a coro.

Estas representacións chegaron a Atenas a mediados do século VI a.C. Xa en terras de Ática, o repertorio de temas comezou a ampliarse: a traxedia deixou de lado as aventuras de Dioniso e atopou nova inspiración nos grandes ciclos mitolóxicos de Grecia, basicamente o *troiano* e o *tebano*. Axiña se introduciu un segundo **actor** e, de seguido, un terceiro, que ademais podían cambiar de máscara e interpretar distintos personaxes. A acción dramática enriqueceuse, e o **diálogo** dos protagonistas independizouse do **canto coral**. O escenario, o vestuario e, sobre todo, a música e a danza que acompañaban as intervencións do coro, fixeron o resto.

Os **argumentos** trágicos versaban sobre as antigas lendas dos heroes, dos que a tradición contaba feitos terribles e grandiosos. Os seus personaxes eran sempre nobres, heroes e reis, que nun intre se atopaban na cima do seu poder e riqueza, e no seguinte sufrían unha desgraza incomprensible que os sumía bruscamente na miseria e na dor. Este era o tema da traxedia: o destino, a morte e a xustiza dos deuses.

Ir ao teatro era unha purificación, unha catarse (κάθαρσις) que, segundo Aristóteles, se producía por dous sentimentos suscitados pola acción trágica: a *compaixón* polas desgrazas postas en escena, e o *temor* que debía de invadir o auditorio ante a visión dos sufrimentos e dores que axexaban a natureza humana.

A trama trágica era simple. Os seus argumentos, tomados das lendas míticas de Grecia, eran coñecidos polo público, que estaba atento á beleza mesma do drama e á profundidade dos seus caracteres. E, desde logo, ao coro, por medio do que o poeta expresaba os sentimentos (πάθη) que pretendía espertar no público.

Realiza a πράξις 3

² VIDAL GUZMÁN, A.: *Retratos de la Antigüedad griega*. Ediciones Rialp. Madrid, 2006

5. Etapas da civilización grega V

5.1. O mundo helenístico

Neste momento da Historia e como resultado da ampliación das fronteiras para a cultura grega, o epicentro da civilización grega desprázase de Atenas ás grandes urbes helenísticas: Alexandría, Pérgamo, Rodas.

Alexandre Magno (336-323 a.C.)

Á morte de Filipo, que morreu asasinado, sucédeoo o seu Fillo Alexandre, unha das figuras máis relevantes da historia. Tras sufocar a sublevación das cidades gregas, decide lanzarse á conquista do Imperio Persa.

Campañas de Alexandre

En dous anos apodérase da fachada mediterránea do Imperio Persa: A vitoria de *Gránico* (334 a.C.) dálle Asia Menor; pola de *Issos* 333 a.C.) faise dono de Siria, Palestina e Exipto, onde funda a cidade de Alexandría; a vitoria en *Gaugamela* (331 a.C.) proporciónalle Mesopotamia e as capitais persas: Persépolis, Babilonia e Susa.

Asasinado Darío III, Alexandre considerouse o seu sucesor e percorreu as provincias orientais, chegando ata as estepas de *Samarcanda* e, dende alí, a Afganistán e a India. Pero o cansazo dos seus soldados fixo que regresase a Babilonia, onde morreu á idade de 33 anos.

Alexandre estaba profundamente helenizado e as súas conquistas significaron a expansión da cultura grega por toda Asia ata a India, e por Exipto, que coa Biblioteca de Alexandría se converteu nun foco cultural que permaneceu vivo durante moitos séculos.

A enorme extensión do imperio e o número de cidades que fundou supuxeron o florecemento do comercio de exportación de produtos gregos a toda Asia.

Os sucesores de Alexandre

Tras a morte de Alexandre, os seus xenerais consideráronse todos lexítimos sucesores, coñecidos por iso como *diádocos* (διάδοχοι, “sucesores”), mentres que os fillos deles se chaman *epígonos* (ἐπίγονοι, “descendentes”).

Durante medio século os *diádocos* víronse envoltos en continuas loitas polo poder, ata que o Imperio quedou dividido en tres grandes reinos:

1. Exipto, que lle correspondeu a Tolomeo Lago (dinastía dos Tolomeos ou Láxidas).

Tolomeo I Sóter, fillo de Lago, fundou en Exipto un reino que procurou manter á marxe das intrigas dos *diádocos*.

Era un territorio doado de defender por estar rodeado de deserto e ademais era rico en agricultura, como consecuencia das crecidas do Nilo. O rei organizou a administración do Estado, mellorou as instalacións do porto de Alexandría coa construción dun **faro**, que foi considerado unha das marabillas do mundo antigo. Converteu a cidade de **Alexandría** no centro cultural máis importante do Helenismo: A partir de Tolomeo, gran parte da ciencia grega créase en Alexandría coa súa Biblioteca e o seu Museo.

Egipto converteuse en provincia romana tras a batalla naval de Accio (31 a.C.), na que Augusto venceu a Marco Antonio e a Cleopatra.

2. Siria e Asia Menor, concedidos a Seleuco (dinastía dos Seléucidas).

Seleuco I Nicátor fundou no 312 a.C. a monarquía seléucida, que perdurou ata a conquista de Siria polos romanos no 65 a.C. Dedicouse a reconstruír o imperio asiático de Alexandre, fixando a capital en Seleucia do Tigris, preto de Babilonia. Este reino foi un foco do helenismo cara a oriente. O último dos Seléucidas foi destronado por Pompeio, converténdose Siria en provincia romana no ano 65 a. C.

3. Macedonia, outorgado a Antígono (dinastía dos Antigónidas).

Casandro, fillo de Antípatro, apoderouse de Atenas, establecendo unha oligarquía baixo o mando de Demetrio de Falero. Casou cunha filla de Filipo II, Tesalónica, e fundou no golfo Termaico unha cidade á que chamou **Tesalónica** en honra da súa muller. No ano 306 a.C. proclamouse rei de Macedonia.

Roma, trala Segunda Guerra Púnica, intervéñ na política grega. Filipo V foi derrotado na batalla de Cinoscéfalo (197 a.C.). O seu sucesor, Perseo, tamén foi derrotado polos romanos en Pidna (168 a.C.) e o territorio de Macedonia converteuse uns anos máis tarde en provincia romana.

Grecia na época helenística

En contraste coa prosperidade dos reinos helenísticos, Grecia fundíase na miseria, despois da euforia inicial de progreso económico como consecuencia das conquistas de Alexandre, e trala estabilización dos reinos helenísticos (contra o 280 a.C.).

Politicamente, os gregos dependían dos reis de Macedonia, cos que estiveron en conflito permanente; só os estados atrasados do interior conseguiron un certo poder militar coa creación das *Ligas de Estados*: Liga Etolia (324 a.C.) e Liga Aquea (280 a.C.)

En **Atenas** desempeña un papel salientable Licurgo entre os anos 338 e 226 a.C. Constrúe unha nova frota, reorganiza as festas tradicionais, establece o texto dos tres grandes tráxicos, mandando erixir estatuas na honra dos tres.

En **Esparta** o rei Agis IV intentou unha reforma agraria con reparto de terras, condonación de débedas e a volta ás comidas en común (συσσίτια), pero fracasou e tivo que ser o seu sucesor, Cleómenes III quen levase a cabo as reformas propostas, eliminando previamente aos que se opoñían. Dominou gran parte do Peloponeso cun revitalizado exército espartano. Pero as ideas igualitarias de Cleómenes non espertaban simpatías nos gobernantes da liga Aquea, que se uniron contra el e ocuparon Esparta no ano 222. Cleómenes refuxiouse en Egipto e morreu asasinado por orde de Tolomeo IV.

Contra o ano 200 a.C. os romanos interviñeron nos asuntos dos gregos a prol duns ou doutros, segundo os seus propios intereses.

No ano 166 a.C. eliminaron a dinastía de Macedonia e no 146 a.C. derrotaron aos gregos e Grecia pasou a ser unha provincia máis do Imperio Romano. Convertida na primeira potencia do Mediterráneo, Roma apoderouse axiña dos demais reinos helenísticos, conquistando o último deles, Egipto, no ano 31 a.C.

Roma realizou, á súa maneira, o soño de Alexandre dun Imperio Universal, pero máis cara Occidente, coa súa capital en Roma e o seu centro no *Mare Nostrum* (Mediterráneo).

5.2. .A conquista de Grecia por Roma

Os romanos, tras conquistar toda Italia e Sicilia e despois de derrotar a Cartago, fixaron a súa atención en Grecia, intervindo cada vez máis nos asuntos internos dos gregos, ata dominalos por completo.

No ano 166 a.C., destronaron a dinastía de Macedonia e no 146 a.C., tomaron e destruíron Corinto, pasando Grecia a ser unha provincia do Imperio co nome de Acaia.

Convertida en campo de batalla durante as guerras civís entre César e Pompeio no século I a.C., Grecia rematou sendo un centro universitario para as clases altas de Roma e, aínda que vencida polas armas, converteuse en mestra de Roma nas letras, nas artes, na ciencia e na filosofía. Como ben dixo Horacio:

Graecia capta ferum victorem cepit

et artes intulit agresti Latio (Hor. Ép. II, 2)

*‘Grecia vencida venceu ao seu fero vencedor
e levou a cultura ao rústico Lacio’*

Realiza a πράξις 4

6. Léxico

6.1. Prefixos gregos (II)

A. Grego εν- (εμ-/εγ-/ελ- ante labial, velar ou λ respectivamente)

Exemplos en grego: ἑν-δημος 'propio do lugar' (cf. δῆμος 'pobo'), ἑμ-βλημα 'decoración' (cf. βάλλω 'lanzar'), ἐγ-κέφαλος, 'cerebro' (cf. κεφαλή 'cabeza').

Exemplos modernos: Proceden do grego: *emblema*, *encéfalo*, *enciclopedia* (ἔγκυκλος + παιδεία), *endémico*.

B.- Grego ἐπι- (ἐπ-/ἐφ- ante vogal / ante vogal aspirada) / moderno *ep(i)-*, *ef-* 'sobre' (en expresións de tempo, 'despois de')

Exemplos en grego: ἐπιγάστριος (cf. γαστήρ 'ventre'), ἐπ-ώνυμος 'que da o nome' (cf. ὄνομα), ἔφηβος 'está na primeira xuventude' (cf. ἥβη 'xuventude').

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *epigastrio*, *epónimo*, *efebo*.

b) Son novos: *epicéntrico* (cf. κέντρον 'centro'), *epidermofitia* 'infección cutánea por fungos' (cf. δέρμα 'pel' + φυτόν 'planta').

C.- Grego κατα- (κατ-/καθ- ante vogal /ante vogal aspirada) / moderno *cat(a)-* 'cara abaixo' (oposto a ἀνά *ana-*) 'completamente'.

Exemplos en grego: κατακλυσμός 'inundación' (de κατακλύζω, 'encherse de auga'), κάθοδος 'descenso' (cf. ὁδός 'camiño').

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *cataclismo*, *cátodo* 'polo negativo' (por oposición a *ánodo* 'polo positivo'), *cátedra* (cultismo) e *cadeira* (patrimonial proceden da mesma palabra grega καθέδρα 'asento, trono').

b) Termo novo é *catafilaxia* (desprazamento dos axentes defensivos' (cf. φύλαξ 'garda').

D.- Grego μετα- (μετ-/μεθ- ante vogal /ante vogal aspirada) / *met(a)-* idea de cambio, 'despois de'

Exemplos en grego: μετά-βασις 'cambio' (cf. βαίνω 'ir'), μετά-θεσις, 'transposición' (cf. 'poñer'), μέθ-οδος 'método' (cf. ὁδός, 'camiño').

Exemplos modernos. a) Proceden do grego: *método*, *metábase*, *metátese*.

b) Son novos: *metabolismo*, *metamorfopsia* (cf. μορφή 'forma' e ὄψις 'visión').

E.- Grego παρα- (παρ- ante vogal) / *par(a)* 'cabo de', 'ao longo de'; tamén 'desviación'.

Exemplos en grego: a) 'ao longo de' παράλληλος 'paralelo' (cf. ἀλλήλους), παρωτίς 'parótide' (cf. οὖς, ὠτός).

b) 'desviación': παράδοξος 'increíble' (cf. δόξα), παράνοια 'loucura' (cf. νοῦς 'mente').

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *paralelo*, *parótide*, *paradoxal*, *paranoia*.

b) Son novos: *parotidite*, *parafarmacia* (cf. φάρμακον 'medicamento').

F.- Grego περι- / *peri-* 'arredor' (idea de movemento circular).

Exemplos en grego: περίμετρον 'circunferencia' (cf. μέτρον 'medida'), 'pericardio' (cf. καρδία 'corazón').

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *perímetro*, *pericardio*.

b) Son novos: *periscopio*, *perineumonía* (cf. πνευμονία 'pulmonía').

G.- Grego *προ-* / *pro-* con sentido local, 'diante de' ; con sentido temporal, 'antes de'

Exemplos en grego: πρό-ναος 'parte dianteira do templo' (cf. ναός 'templo'), πρόγνωσις 'coñecemento previo' (cf. γιγνώσκω 'coñecer'), πρόγραμμα 'edicto' (cf. γράφω 'escribir', γράμμα 'letra').

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *pronaos*, *prognose*, *programa*.

b) Son novos: *proclítico*, *proxeria* (cf. γέρων 'ancián').

NOTA: Moitas palabras que comezan por *pro-* veñen do latín: *promesa*, *procónsul*...

H.- Grego *προσ-* / *pros-* 'cara a' (indicando dirección a, sen chegar a termo).

Exemplos en grego: προσ-αγγελία 'envío dunha mensaxe' (cf. ἀγγελία, 'mensaxe'), προσ-ήλυτος 'converso ao catolicismo' (cf. προσ-ήλυθ-ο-ν).

Exemplos modernos: a) Proceden do grego: *prosélito* 'converso a calquera relixión'.

b) Non é un prefixo produtivo para crear termos novos.